



centro
coreográfico
galego

NOVEMBRO 2007 / XUÑO 2008

XUNTA DE GALICIA

centro
coreográfico
galego

NOVEMBRO 2007 / XUÑO 2008

XUNTA DE GALICIA

Centro Coreográfico Galego

Instituto das Artes Escénicas e Musicais

Consellería de Cultura e Deporte

Xunta de Galicia

Complexo Deportivo de Elviña.

Avda. de Glasgow s/n.

15008 - A Coruña

Telefono: 981 134 946

Fax: 981 138 294

<http://igaem.xunta.es/centrocoreografico>

secretaria.ccg@xunta.es




O Centro Coreográfico Galego (CCG), no seo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría de Cultura, é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galiza.

O CCG é un núcleo de diálogo e de interacción cultural, un espazo en que as principais linguaxes artísticas teñen cabida para enriquecer e favorecer o desenvolvemento das artes escénicas.

É un lugar que quere fomentar a interacción entre os artistas e o público achegando a arte aos cidadáns dunha forma normalizada. O seu labor está orientado a diferentes públicos: artistas profesionais, espazos de programación, intermediarios culturais e cidadáns.





PRESENTACIÓN [07]

PRODUCCIÓN [12]

Kiosco das Almas Perdidas, de Roberto Oliván [13]

COPRODUCCIÓN [17]

Daniel Abreu: *Negro* [18]

Nova Galega de Danza: *Tradicción* [20]

Paulo Ribeiro: *Femenine* [22]

RESIDENCIAS ARTÍSTICAS [23]

Henrique Peón e Mercé de Rande: *Arándara* [24]

FORMACIÓN [25]

Formación para profesionais [26]

Formación para públicos [29]

Talleres de mediación cultural [33]

COLECCIÓN EDITORIAL: Bitácora [37]





O CCG promove a danza en Galiza con catro espectáculos, obradoiros para profesionais e múltiples actividades para o público xeral

O Centro Coreográfico Galego continúa na temporada 2007/2008 o seu proceso de investigación, formación, creación e produción para o desenvolvemento da danza en Galiza. O centro da actividade será unha produción propia a cargo de Roberto Oliván con música de Mercedes Peón, tres coproducións e varias residencias artísticas. A formación para públicos e profesionais terá unha posición transversal no conxunto da programación do centro, con varias dúcias de talleres que impartirán artistas internacionais e persoal do CCG en diversos espazos, en máis de 50 centros escolares e nos lugares onde se represente a peza da produción.

O Centro Coreográfico Galego, creado en 2006 dentro do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais da Consellaría de Cultura, consolídase así como un núcleo de diálogo e de interacción cultural, un espazo en que as principais linguaxes artísticas teñan cabida para enriquecer e favorecer o desenvolvemento das artes escénicas, fomentando e normalizando a interacción entre os artistas e o público.



Os seus obxectivos básicos para a nova temporada están dirixidos a estes dous sectores. No que atinxe aos profesionais, apoiando creación, formación e investigación, procurando unha descentralización do traballo, creando pontes entre proxectos e institucións e buscando o encontro entre a danza e outras disciplinas artísticas. Con respecto ao público, búscase o desenvolvemento de accións de sensibilización cara a danza e que esta disciplina ocupe un lugar destacado na vida cultural galega.

Producción: Kiosco das Almas Perdidas

A temporada 2007/2008 estará protagonizada por *Kiosco das almas perdidas*, un espectáculo do tarragonés Roberto Oliván con música de Mercedes Peón, en coprodución con Laboral Escena, de Xixón. Perséguese así o obxectivo de crear pezas coreográficas de alta calidade artística, á altura do mapa europeo das artes escénicas, nas que se impliquen coreógrafos novos de traxectoria profesional contrastada internacionalmente con outros artistas locais.

Con este fin, Oliván visitou lugares emblemáticos da nosa xeografía e reuniuse con diferentes artistas galegos: músicos, arquitectos, figurinistas, escritores, etc. Destes encontros resultou a formación final, na cal destacan, ademais de Mercedes Peón, Quique Peón, Ruth Díaz, Baltasar Patiño e o Mago Antón.

Despois dunha residencia técnica en Laboral Escena, en Xixón, o espectáculo ten prevista a súa estrea o 29 de febreiro de 2008 no Teatro Rosalía da Coruña. Despois iniciará unha xira que inclúe a presentación de *Kiosco...* no Teatro Central de Sevilla, referencia na programación das compañías internacionais de danza.

Arredor deste espectáculo desenvolverase unha intensa actividade formativa, na que se inclúen aulas abertas nas cales as persoas que o desexen, inscribíndose previamente, poderán traballar cos bailaríns de *Kiosco...* e vinte talleres por praza para achegar o público xeral á danza nos lugares onde se represente o espectáculo en colaboración coa Asociación de Profesionais da Danza Escénica Galega. Ademais, o propio equipo artístico impartirá tamén obradoiros con diferentes colectivos ao longo da produción e talleres específicos para profesionais.





Coproducións

O CCG coproduce esta temporada con tres compañías: unha galega (Nova Galega de Danza), unha estatal (Daniel Abreu) e outra internacional (Paulo Ribeiro). No caso de Abreu, o coreógrafo canario contará no seu espectáculo, *Negro*, cun equipo galego formado por tres bailarinas e unha fotógrafa. En *Femenine*, montaxe de Paulo Ribeiro, último coreógrafo da Fundación Gulbenkian, participarán como bolseiros un axudante de dirección e unha persoa de produción galegos a modo de *stager*. Pola súa parte, Nova Galega de Danza coproduce co Centro o seu último espectáculo: *Tradición*, onde volve indagar nas raíces da nosa cultura en busca da contemporaneidade.

Ademais da contribución económica, o CCG acompaña os espectáculos no seu proceso de preproducción, planificación e no de creación, neste último caso a través dun coreógrafo de traxectoria que contraste o traballo da compañía. Ponse así de manifesto a vontade do Centro de apoiar cada proxecto segundo as súas necesidades.

Formación

O CCG desenvolverá na presente temporada un tecido descentralizado de talleres e actividades por toda Galiza, a través da colaboración con conservatorios, escolas de danza, asociacións de profesionais, salas privadas, etc. Os obxectivos principais son os públicos, os mediadores culturais (profesores, programadores, animadores culturais ou familias con persoas con necesidades educativas especiais) e os profesionais.

O público xeral disporá dun programa formativo propio co obxectivo de situar a danza na vida cotiá das persoas, converténdoa nunha ferramenta para o desenvolvemento integral da sociedade.

Así, achegarase a danza aos escolares mediante unidades didácticas que impartirá persoal do CCG sobre música, danza, zanfona, cantares de cego, ademais dun concerto didáctico para coñecer mellor a música tradicional galega. Aproximarase aos cativos o mundo da creación artística, axudando tamén a acadar obxectivos do currículo escolar.

O programa de formación para mediadores culturais busca pechar o círculo para o desenvolvemento do sector da danza e as artes do movemento en Galiza. Está orientado a formadores, programadores, mediadores, animadores socioculturais e todas aquelas persoas que fan de intermediarios entre os artistas e os públicos. Neste programa inclúese un “taller do espectador” a cargo de Mehdi Idir, Toni Jodar explicará “a danza en 50” e o centro O Pelouro traballará o desenvolvemento saudábel e terapéutico a través da *psicodanza*. Este último obradoiro está especialmente pensado para mediadores e familias con persoas con necesidades educativas especiais ao seu cargo.

Por último, os profesionais galegos da danza poderán asistir aos cursos que impartirán profesionais de recoñecida traxectoria, como Paulo Ribeiro, Christiane Marchant, Àngels Margarit, Ester Carrasco ou Lipi Hernández.

Programa de artistas en residencia

O CCG apoia a investigación, a experimentación e a creación a través do programa artistas en residencia, tanto de artistas que traballen coa danza como aqueles que dende outras disciplinas traballen coas artes do movemento como referencia. O centro apoia un máximo de catro proxectos por ano, cunha dotación económica de entre 1.000 e 3.000 euros, un lugar de traballo durante cinco semanas e a posibilidade de representación da proposta resultante, entre outros servizos. Este espazo ocúpalo actualmente os artistas galegos Henrique Peón, Mercé de Rande e Uxía P. Vaello.

Bitácora

O CCG coedita co Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) a colección *Bitácora*, coa vocación de poñer á vista procesos creativos. Nesta liña editorial recóllense bosquexos, notas e todo o proceso das producións do centro.

Tecido descentralizado

Para todas as súas actividades, sexan de produción ou de formación, o Centro Coreográfico Galego vén contando coa colaboración de variados espazos, colectivos, eventos e institucións. Entre outros, cóntanse a Sala Galán, os conservatorios de danza, os INEF de Pontevedra e A Coruña, a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), o Certame Coreográfico de Madrid, o Mercat de les Flors de Barcelona, o Concello da Coruña e o Concello de Oleiros.



PRODUCCIÓN

O Centro Coreográfico Galego produce cada temporada unha peza coreográfica cun coreógrafo convidado. O centro ocúpase de poñer á disposición do coreógrafo os medios necesarios para que poida desenvolver o seu proxecto artístico. Esta produción preséntase durante cinco meses en diferentes espazos dentro e fóra de Galiza.



***Kiosco das almas perdidas*, de Roberto Oliván**


O Centro Coreográfico Galego presenta *Kiosco das almas perdidas*, produción da temporada 07/08 dirixida polo coreógrafo Roberto Oliván, unha peza que combina diferentes disciplinas artísticas, fusionadas polo movemento coreográfico, produto da residencia do coreógrafo en Galiza durante tres meses. *Kiosko...* está coproducido con Laboral Escena, de Xixón, e estará en xira entre marzo e xullo de 2008.

Roberto Oliván contará coa colaboración de dez bailaríns e cinco artistas convidados: músicos, *performers*, etc. A filosofía do proxecto é a de enriquecelo ao máximo buscando a colaboración con diferentes artistas do noso territorio. Así, Oliván reuniuse con artistas plásticos, arquitectos, iluminadores, figurinistas, poetas, músicos e outros persoeiros da cultura galega, ao tempo que realizaba un percorrido por algúns espazos xeográficos e culturais senlleiros no noso país.



O coreógrafo reflexiona sobre a vida e a nosa capacidade de resposta ante ela, que é o camiño á liberdade: "Se tes unha resposta para cada situación es un robot. Se tes dúas respostas para cada situación atópaste nun dilema. Se tes tres solucións atópaste no inicio da flexibilidade. Pero só cando se teñen infinitas solucións para cada situación se pode aspirar á liberdade absoluta".

Roberto Oliván presenta o seu traballo despois dunha longa estada en Bruxelas, onde desenvolve a súa actividade artística como intérprete e creador ao lado de grandes profesionais da danza contemporánea como Anne Teresa de Keersmaeker, Josse de Pauw, Trisha Brown ou Robert Wilson.



Ademais, pola súa experiencia como coreógrafo, recibiu diferentes premios nacionais e internacionais. Desenvolve o seu traballo profesional en diferentes lugares; baila, crea e ensina en Islandia, Israel, Costa Rica, Arxentina, Venezuela, Corea e moitos lugares de Europa. A poesía, o movemento, a tradición, a vida urbana, as emocións e sensacións do noso contorno, o intercambio cultural... son algunhas das características da obra de Roberto Oliván.

Kiosko... terá música da cantante e gaiteira **Mercedes Peón**, quen leva moito tempo investigando na nosa herdanza oral e colleitando éxito internacional no eido da *world music*. Peón estará en directo nas funcións da xira de *Kiosco das almas perdidas*.



O espazo escénico e iluminación do espectáculo corren a cargo de **Baltasar Patiño**, cunha longa traxectoria en que se inclúen Matarile Teatro, o Centro Dramático Nacional, o Centro Dramático Galego (CDG) ou a compañía de Andrés Corchero.

Ruth Pereira, premiada no Festival de Cine de Málaga e con experiencia en teatro, cinema e televisión, será a encargada do deseño de vestuario e figurinos de *Kiosko*...

A asistencia para maxia e os audiovisuais serán responsabilidade do popular ilusionista galego **Mago Antón** e do colectivo asturiano **Fiumfoto**, respectivamente.

Ficha artística

Dirección: Roberto Oliván

Dramaturxia: Roberto Magro "Tober"

Espazo sonoro: Mercedes Peón

Vestuario: Ruth D. Pereira

Espazo escénico: Roberto Oliván

Asesoría máxica: Mago Antón

Creación audiovisual: Fiumfoto

Iluminación: Baltasar Patiño

Bailaríns: Alexis Fernández Ferrera, Hannah Shakti Buhler,

Gabriela Mathé, Kirenia Martínez Acosta, Nuria Sotelo Rodríguez,

Ana Beatriz Pérez Enríquez, Lenka Bartunkova, Álvaro Esteban López,

Jordi Vilaseca Lorite, Anna Calsina Forrellad,

Natxo Montero Matia, Henrique Peón.

O programa de coproducións comparte obxectivos coa produción propia e apoia proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente. Os proxectos seleccionados para coprodución recibirán, xunto a unha dotación económica, un acompañamento do equipo do centro durante o proceso de creación e produción, ademais do deseño dun apoio específico de recursos para o proxecto, segundo as súas necesidades.



Daniel Abreu: *Negro*

Negro é un traballo coreográfico para catro bailaríns, que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. *Negro* fala da pel durmida, do descanso, dunha paisaxe persoal, de ser honestos.

A coreografía de *Negro* parte de escenas creadas dende a reflexión da acción cotiá ou a partir da improvisación. Desenvólvese material de danza non codificado que xorde da observación, dentro dun proceso creativo no marco das artes escénicas contemporáneas.

En palabras de Abreu, *"este traballo non fala do envoltorio da pel, nin do que agocha, senón do que esa pel ve, o que a asusta e transforma, o que a esperta e o que a dorme"*.

Daniel Abreu traballou para compañías como Provisional Danza, Matarile Teatro e Centro Dramático Galego, entre outras. Como creador, realizou case unha vintena de coreografías, presentadas en Alemaña, Portugal e importantes festivais así como na programación de distintos teatros. Realízalle a asistencia de dirección a Ana Vallés e Carmen Werner en *Pie izquierdo* e a asistencia de coreografía da ópera *Macbeth*, no Teatro Real. Obtivo o Premio do Xurado do XVIII Certamen Coreográfico de Madrid xunto a Mónica García.

Coa súa compañía, foi desenvolvendo os seus propios estilo e linguaxe, que se plasman nas distintas creacións, nas cales as propostas de creación sempre buscan os polos opostos. A procura do detalle no movemento, sen abandonar o contido técnico e académico, así como a fusión coas propostas físicas teatrais e a fotografía.

Ficha artística

Coreografía e dirección: Daniel Abreu

Asistente de dirección: Igor Calonge

Música orixinal: Miguel Gil, Haru Mori e Masahiro Hiramoto

Intérpretes: Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso e Daniel Abreu

Iluminación: Cía. Daniel Abreu

Vestuario: TRAS tornados



Nova Galega de Danza: *Tradición*

Nova Galega de Danza presenta a súa nova creación *Tradición*, onde pretende sorprender o público a través do seu propio imaxinario colectivo. *Tradición* será unha peza que afondará na raíz en busca da contemporaneidade.

Nova Galega de Danza fusiona en vivo danza e música de raíz galega. O proxecto dos directores artísticos e coreógrafos Vicente Colomer e Jaime Pablo Díaz, xunto co músico e compositor Xosé Lois Romero, comezou a súa andadura coa estrea de *Alento*, o seu primeiro espectáculo, no Teatro de Madrid (La Vaguada) o 8 de maio de 2003. A súa última montaxe é *Engado*.



Ficha artística

Dirección artística: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer

Dirección musical: Pedro Lamas

Escenografía: Stefanie Pasterkamp

Coreografía: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer

Música: Tradicional e popular de Galiza / Pedro Lamas

Músicos do directo: Pedro Lamas (saxo e gaita), Xabier Díaz (voz e percusión), Suso Iglesias (acordeón), Ricardo Rozas (guitarra), Miguel Queixas (percusión), Miguel Castro / José Belmonte (percusión, vibráfono).



Paulo Ribeiro: *Feminine*


Feminine é un cuarteto de mulleres que terá como punto de partida textos de Fernando Pessoa do *Livro do desassossego* e dos *Escritos autobiográficos, automáticos e de reflexión pessoal*. *Feminine* é o proxecto que segue a *Masculine*, que a partir da mesma estrutura dirixiu Paulo Ribeiro en 2007.

Ribeiro fala así de *Feminine*: “Apostamos con determinación pola utopía como segredo de vida, deixamos o caos deleitarse sen recorrer ao ruído. Achegarémonos á inmensa figura de Pessoa, porque, como el, pisamos as mesmas pedras descontentos por continuarmos aquí!!!”.

Natural de Lisboa, Paulo Ribeiro fixo carreira como bailarín en varias compañías de Bélxica e Francia. A súa estreia como coreógrafo foi en 1984 en París, coa compañía Stridanse, da que foi cofundador.

No ano 1988 crea para a Compañía de Danza de Lisboa e para o Ballet Gulbenkian. A partir de 1991 creou obras para Nederlands Dans Theater II, Nederlands Theater III, Grand Théâtre de Genève, Centre Choreographique de Nevers, Bourgogne e Ballet Gulbenkian.

No ano 1995 funda a Compañía Paulo Ribeiro. Coa obra *Rumor de deuses* gañou en 1996 os premios Circulación Nacional e Circulación Internacional, ambos do concurso Mudanças 96. Outros premios: Prix d'Auteur, New Coreography Award, Prix d'Interprétation Collective, Premio Bordalo da Casa da Imprensa e Premio Almada. Foi director do Ballet Gulbenkian de 2003 a 2005. No ano 2006 asume de novo as funcións de director xeral e artístico do Teatro Viriato.



Ficha artística

Coreografía: Paulo Ribeiro

Asistente de coreografía: Leonor Keil

Interpretación: Leonor Keil, São Castro

Coprodución: Companhia Paulo Ribeiro,
Centro Coreográfico Galego e Culturgest.

Parceiros / Apoio: Biarritz Culture, Festival Le
Temps D'aimer, Teatro Viriato

Estrea absoluta: 10 e 11 de xullo de 2008
na Culturgest

Estrutura financiada por: Ministério da Cultura de
Portugal / Direcção Geral das Artes

Residente no Teatro Viriato / CRAE Das Beiras
Co apoio da Câmara Municipal de Viseu

O equipo técnico completarase con
dous *stagers* galegos.

O CCG pretende favorecer a investigación no sector da danza e mais o diálogo entre esta e outras linguaxes artísticas. O programa de residencias artísticas está dirixido a artistas que teñan como ámbito de traballo a danza e aqueles que, dende outras disciplinas, traballen coas artes do movemento como referencia.

Con este obxectivo, o CCG apoiará un máximo de **oito proxectos por ano**, que disporán de:

- Unha dotación económica entre 1.000 e 3.000 euros.
- Un espazo de traballo durante catro semanas.
- Unha semana de residencia técnica.
- Unha semana cunha persoa de produción.
- Posibilidade de presentación das propostas.



En decembro de 2007, o CCG abre unha convocatoria do programa Artistas en Residencia para oito proxectos artísticos. Os artistas poderán desenvolver os seus proxectos de investigación e/ou creación en Santiago de Compostela e Ferrol durante cinco semanas ao longo de 2008.

O Concello de Ferrol colabora no programa Artistas en Residencia co CCG a través do Centro Cultural Torrente Ballester.

Ademais, no mes de decembro terán a posibilidade de presentar os resultados dos seus traballos, ben sexan de investigación ou de creación, en diferentes lugares do territorio galego, xunto aos artistas en residencia acollidos polo CCG no ano 2007.

Henrique Peón e Mercé de Rande: *Arándara*

Os segundos artistas en residencia do Centro Coreográfico Galego –a temporada pasada foi Uxía P. Vaello–, **Henrique Peón e Mercé de Rande**, son representantes de dúas áreas específicas da danza, onde cada un deles achega a súa personalidade. Por un lado, o recoñecemento galego acadado tras unha longa experiencia no noso país e, por outro, a forza galega contemporánea cunha gran proxección nacional e internacional.

Galiza, pola súa situación xeográfica e pola súa cultura, evolucionou fortemente cara á cultura celta. Henrique Peón e Mercé de Rande consideran que a danza aínda ten que desenvolverse cara ao importante legado árabe que nos deixaron os nosos devanceiros: “Áta o momento, as manifestacións artísticas só miraron cara ao norte, ao chamado mundo celta, nós invocamos unha franca mirada ao sur”.

A formación ocupa unha posición transversal na actividade do Centro Coreográfico Galego. Distribúese por todo o territorio para ser un punto de encontro entre artistas e cidadáns, así como entre arte e educación.

O programa de **formación para profesionais** está dirixido a artistas que traballan no campo da danza e das artes do movemento e a artistas doutras disciplinas artísticas que traballan coa danza como referencia. Este programa está conformado por obradoiros, seminarios e encontros con profesionais de ámbito nacional e internacional. Traballando en rede, o CCG tende pontes con outras estruturas xa existentes. Así, o CCG colabora cos conservatorios profesionais de danza, universidades, salas privadas e asociacións de profesionais da danza, etc.

O programa de **formación para públicos** está orientado ao cidadán, tendo como obxectivo situar a danza dentro da vida cotiá das persoas, ademais de convertela nunha ferramenta formativa para o desenvolvemento integral do individuo. Este programa está conformado por unidades didácticas que imparte persoal do CCG nos centros.

Os **talleres para mediadores culturais** queren pechar o círculo formativo e están orientados a formadores, programadores, mediadores, animadores socioculturais e todas aquelas persoas que fan de intermediarios entre os artistas e os públicos.



FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS

Ademais dos cursos que se indican a continuación, o Centro Coreográfico realizará accións formativas específicas vinculadas ás necesidades propias da produción e das coproducións.

Clase maxistral con Paulo Ribeiro para profesionais da danza

Datas: 22 de decembro

Lugar de realización: Sala Galán, Santiago de Compostela

Organiza: Centro Coreográfico Galego en colaboración coa Sala Galán

Natural de Lisboa, **Paulo Ribeiro** fixo carreira como bailarín en varias compañías de Bélxica e Francia. A súa estrea como coreógrafo foi en 1984 en París, coa compañía Stridanse, da que foi cofundador.

No ano 1988 crea para a Compañía de Danza de Lisboa e para o Ballet Gulbenkian. A partir de 1991 creou obras para Nederlands Dans Theater II, Nederlands Theater III, Grand Théâtre de Genève, Centre Choreographique de Nevers, Bourgogne e Ballet Gulbenkian.

No ano 1995 funda a Compañía Paulo Ribeiro. Coa obra *Rumor de deuses* gañou en 1996 os premios Circulação Nacional e Circulação Internacional, ambos do concurso Mudanças 96. Outros premios: Prix d'Auteur, New Coreography Award, Prix d'Interprétation Collective, Premio Bordalo da Casa da Imprensa e Premio Almada. Foi director do Ballet Gulbenkian de 2003 ao 2005. No 2006 asume de novo as funcións de director xeral e artístico do Teatro Viriato.

Christiane Marchant: Taller de Ballet Clásico.

Datas: do 3 ao 7 de marzo de 2008

Organiza: CCG en colaboración co Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña

Christiane Marchant comeza os seus estudos en Verviers, Bélxica, onde naceu. Posteriormente ingresa na Dance Academy at the Theater Royal de La Monnaie, en Bruxelas. En 1977 ingresa no XXth Century Ballet, baixo a dirección de Maurice Béjart. Posteriormente no Hamburg Ballet, dirixido por John Neumeier, onde baila dende 1980 até 1989.

Trasládase a Hartford, USA, en 1989, para seguir estudos como mestra, e alí é profesora no Hartford Ballet School e na Compañía de Danza.

De regreso a Europa ingresa como Mestra de Ballet no Dresden Ballet en 1993, en 1999 no Hamburg Ballet, en 2003 no Ballets de Montecarlo e en 2004 no Maggio Danza de Florencia.

Dende 2005 é mestra de ballet no Royal Ballet of Flanders.

Àngels Margarit

Datas: do 10 ao 16 de marzo de 2008

Bailarina, coreógrafa e pedagoga, **Àngels Margarit** dedícase á danza dende hai case trinta anos. Pertence á primeira xeración de bailaríns contemporáneos xurdida a finais dos anos 70, do Institut del Teatre de Barcelona, e dende 1985 dirixe unha compañía de danza Mudances.

Dentro do campo da improvisación, colaborou con creadores como Andrés Corchero, María Muñoz, Alexis Eupierre e Mónica Valenciano. Como pedagoga impartiu cursos, talleres e repertorio en varios países, e como creadora foi galardoada con premios como o Nacional de Dansa de Catalunya en tres ocasións, o Ciutat de Barcelona na categoría de Artes Escénicas en 1993 e o Gran Prix do concurso coreográfico de Bagnolet en 1998. Dende o ano 2003 dirixe Tensdansa, festival internacional de danza de Terrassa.

Ester Carrasco: Como ti sintas

Datas: abril de 2008

Organiza: CCG en colaboración co Conservatorio de Danza de Lugo

Ester Carrasco Urbano, titulada en Danza Española e Flamenco no Real Conservatorio de Madrid, estudou na Royal Academy of Dance Elementary e traballou como profesora para a escola municipal de danza de Las Rozas (Madrid).

Dirixe xunto a Carlos Chamorro a compañía Danzadas durante cinco anos, actuando en festivais como Madrid en Danza, Dansa Valencia, Festival Danza de Haro La Rioja, Día Internacional de la Danza 2000-2002, Red de Teatros de la Comunidad de Madrid, etc. Máis tarde crea a súa propia compañía: Dançem.

Ester Carrasco foi galardoada co segundo premio do Certamen de Coreografía de Danza Española y Flamenco 2003 e 2005 coas coreografías *Deshechos reales* e *El Tendedero*.

Lipi Hernández

Datas: do 5 ao 16 de maio de 2008.

Lipi Hernández, bailarina, coreógrafa e fundadora da Compañía de Danza Malqueridas, traballou como asistente de dirección e coreografía das compañías Lanónima Imperial e Sol Picó. Co-fundadora da ACDAC (Asociación Cultural para el Desarrollo de Actividades de Danza y Coreografía) e de La Caldera Espacio de Creación.

Como pedagoga impartiu clases no Institut del Teatre, La Caldera, Cía Sol Picó, Cía María Carbonell, Festival Veo de Valencia, Cía Sensa Tempo, Universidade Miguel Hernández, Conservatorio de Córdoba, Centro Coreográfico de León, Arte Dramático de Valencia, Concurso Coreográfico Maspalomas, etc.

Queres coñecer a gaita?

Dirixido a: alumnos de 3º ciclo de Educación Primaria

Imparte: Xoán Carlos Rilo

Datas: entre febreiro e xuño

Lugar de realización: centros escolares

Mediante este obradoiro, preténdese despertar no alumnado o interese por coñecer máis polo miúdo os segredos do instrumento máis representativo da nosa música: a gaita. A metodoloxía será activa e, polo tanto, tentarase que o alumnado participe en todo momento.

Entre os obxectivos están coñecer a evolución histórica do instrumento; distinguir as diferentes partes da gaita; recoñecer distintos materiais con que se elabora unha gaita; identificar distintas tonalidades; sentir a sonoridade, incluíndo a súa afinación; experimentar co instrumento por parte do alumnado que o desexe, e identificar outros instrumentos da nosa música tradicional.

Xoán Carlos Rilo é mestre gaiteiro do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais). Posúe unha grande experiencia na formación e dirección de bandas de gaitas. Colabora nas gravacións de traballos discográficos con diversos grupos de música tradicional. Ten feito varias composicións para gaita galega das que cómpre subliñar, entre outras: a *Xota leirou* e a *Muiñeira soliña* (xa publicadas) ou a suite *Para os da nosa terra*, harmonizada para 30 instrumentos de banda polo director J. Bautista Bernat.



Érase unha vez a danza

Dirixido a: alumnos de Educación Primaria

Imparte: Beatriz Ponlla Catoira

Datas: entre outubro e xuño

Lugar de realización: centros escolares

Entre os obxectivos deste taller están recoñecer a importancia da danza como medio de expresión, experimentar a danza como unha actividade sinxela e divertida, colaborar cos compañeiros e compañeiras na creación de danzas sinxelas e interesarse polas manifestacións escénicas actuais.

Beatriz Ponlla Catoira é profesora de danza do Centro Coreográfico Galego. Titulada polo Conservatorio Profesional de Danza de Madrid e pola Royal Academy of Dancing de Londres. Posgrao en Expresión Corporal e Danza da Universidade da Coruña-FMH. Ten experiencia impartindo clases de danza a alumnos de diferentes idades.

O mundo danza nun teatro

Dirixido a: alumnos de Educación Primaria

Imparte: Belén Vázquez Merelles

Datas: entre outubro e xuño

Lugar de realización: centros escolares

Con este obradoiro búscase experimentar aspectos do traballo no escenario dun bailarín ou bailarina. Os cativos experimentarán danzas de diferentes orixes, gozarán da música e a danza de diferentes lugares do mundo.

Belén Vázquez Merelles é profesora de danza do Centro Coreográfico Galego. Ex-bailarina e ex-coreógrafa do IGAEM. Titulada polo Real Conservatorio de Danza de Alacante e Profesora Diplomada pola Royal Academy of Dancing de Londres. Posúe unha ampla experiencia docente tanto en danza clásica como en danza galega, traballando con alumnos de todas as idades.

Ensaio aberto

Dirixido a: alumnos de Primaria e Secundaria a partir dos 8 anos.

Datas: ao longo do curso escolar.

Buscando fomentar a interacción entre os artistas e o público, os ensaios didácticos do CCG abren a posibilidade aos centros escolares e ao público en xeral de familiarizarse cos espectáculos de danza e coa danza nun sentido amplo.

A través desta actividade, os rapaces e as rapazas terán a oportunidade de coñecer, ao mesmo tempo, tanto os protagonistas como unha parte do proceso de creación dunha peza coreográfica de danza.

Concerto didáctico: Coñeces a nosa música?

Dirixido a: alumnos de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato

Imparte: Grupo de música tradicional do IGAEM

Datas: entre outubro e xuño

Lugar de realización: centros educativos

Alternando a interpretación de temas con explicacións de instrumentos e ritmos tradicionais, este concerto didáctico quere achegar a tradición musical galega ao alumnado.

O alumnado terá un papel activo participando durante as audicións, realizando acompañamentos rítmicos con diferentes partes do corpo.

Os obxectivos son recoñecer o son da gaita e os seus diferentes elementos: punteiro, rancos, palleta e pallóns; identificar o son dos instrumentos de percusión: tamboril, bombo, pandeireta e pandeiro, así como as súas técnicas e materiais e diferenciar distintos ritmos comúns na tradición galega: muiñeiras, xotas, pasodobres, pasacorredoiras, etc., así como a función a que estaban destinados.

O **Grupo de Música Tradicional** foi creado polo IGAEM co obxectivo de fomentar o desenvolvemento no eido da música tradicional galega. Esta formación de mestres gaiteiros traballa tanto na recuperación de melodías tradicionais como na presentación de composicións contemporáneas. O grupo xestouse en 1990, como corpo de gaiteiros do Ballet Galego Rey de Viana. Con todo, axiña iniciou a súa actividade pública como conxunto independente.

A zanfona vai á escola

Dirixido a: alumnos de Educación Secundaria e Bacharelato

Imparte: Suso Vaamonde

Datas: entre outubro e novembro

Lugar de realización: centros educativos

Cunha metodoloxía participativa coa cal o alumno está activo en todo o proceso a través da escoita e da experimentación co instrumento, búscase recoñecer e distinguir as diferentes partes dunha zanfona galega, coñecer a súa evolución histórica, descubrir os diferentes estilos musicais en que se desenvolve na actualidade e experimentar cada alumno/a o seu manexo tanto de maneira acústica como a través das novas tecnoloxías.

Quérese que os alumnos valoren as diferentes posibilidades estéticas deste instrumento dentro do campo da música e se interesen pola cultura musical galega.

Suso Vaamonde é mestre de música tradicional do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e músico colaborador do Centro Coreográfico Galego. Posúe unha ampla experiencia impartindo cursos de música tradicional tanto en Galiza como no estranxeiro. É intérprete e compositor en diferentes agrupacións musicais, ademais de autor de diversas publicacións enfocadas á didáctica musical de instrumentos tradicionais galegos.

Cantares de cego

Dirixido a: terceira idade

Imparte: Suso Vaamonde

Datas: entre outubro e novembro

Lugar de realización: centros para a terceira idade

Este taller quere ser unha canle para que, a través do profesor, as persoas maiores estimulen a súa memoria musical e rescaten melodías do pasado, recorden sonoridades doutros tempos interpretadas pola zanfona, bailen os ritmos da súa mocidade co acompañamento do instrumento e canten coplas retranqueiras.

TALLERES DE MEDIACIÓN CULTURAL

Talleres da Fundación Igual Arte

Dirixido a: mediadores culturais

Imparten: Carmela Bueno Capeáns e Alejandra Beiras Bastida

Curso para mediadores culturais educativos: Taller orientado a mediadores culturais educativos: profesores, animadores culturais, familias..., co fin de empregar a danza como ferramenta para a educación integral dos individuos. Búscase ofrecerlles aos mediadores culturais-educativos metodoloxías e ferramentas clave para empregar a danza como un elemento fundamental na educación dos individuos e, en concreto, das persoas con necesidades educativas especiais.

Taller de psicodanza: A psicodanza é unha actividade baseada nas técnicas aplicadas ao desenvolvemento das persoas con necesidades educativas especiais e a súa integración na sociedade. Pretende utilizar a arte da danza e o teatro como terapia e axudar ás persoas con necesidades educativas especiais a desenvolver as súas posibilidades.

Carmela Bueno Capeáns é codirectora e coreógrafa no espectáculo infantil de danza *Menú vexetal* e profesora de danza na Fundación Igual Arte de Vigo, na escola A Artística de Vigo e no centro Espacio Aberto de Santiago de Compostela. Bailarina na compañía Disquedanza nos espectáculos *Síntoma 0'*, *Chegada a un punto* e *Cadanseu chapeu*, entre outros.

Alejandra Beiras Bastida é profesora de expresión corporal e coordinadora da área de persoas con necesidades educativas especiais na Fundación Igual Arte. Tamén é relatora de formación permanente a profesionais da arte e do ensino, e coreógrafa do espectáculo *Axóuxere de cores*.



Talleres do centro O Pelouro

Dirixido a: familias con persoas con necesidades educativas especiais ou con nenos entre 6 e 12 anos.

Imparte: Laura Rodríguez de LLauder Ubeira

Neste obradoiro ofreceránselles ás familias metodoloxías e ferramentas chave para empregar a danza como un elemento fundamental na integración e na educación dos individuos e, en concreto, dos nenos. Realizarase unha pequena coreografía que será mostrada o último día do taller.

O **Centro de Integración e Innovación Psicopedagóxica O Pelouro** traballa a psicodanza dende o desenvolvemento saudábel e terapéutico dende hai máis de 30 anos. O Pelouro é pioneiro na súa acción de práctica reflexiva, de investigación-acción experimental, sociocognición, coñecemento e outros métodos dentro do enfoque de normalización.

Laura Rodríguez de LLauder Ubeira é profesora de psicodanza do Centro de Innovación e Integración Psicopedagóxica O Pelouro dende 1994. Traballa investigando no campo da psicodanza, xestoterapia e arteterapia. Ten organizado eventos culturais dentro do complexo O Pelouro Axeito, especialmente vinculados ás diversas disciplinas artísticas (danza, teatro, pintura, poesía, música...).

Toni Jodar explica: a danza en 50´

Dirixido a: público xeral

Imparten: Toni Jodar / Beatriu Daniel

Toni Jodar explica neste curso as principais correntes da danza moderna e contemporánea do século XX, dende o espertar de Isadora Duncan e as técnicas que elaboran Martha Gram, José Limón ou Mercé Cunningham, até as consecuentes reaccións do *contact-release*.

De forma creativa e amena, proporciona unhas ferramentas para poder gozar mellor da danza e contribuír a perder medos diante da escena contemporánea.

Toni Jodar é artista e mestre de danza dende hai 25 anos. Combina a preparación física de actores, o traballo da conciencia postural, a especialidade da danza jazz e a realización de diferentes talleres de movemento para estudantes, profesionais e artistas doutros ámbitos. Actualmente é asistente de dirección e coreógrafo da Compañía Carles Santos e asistente da Compañía Gelabert- Azzopardi.

O taller do espectador. Traxecto de formación arredor dun espectáculo

Dirixido a: formadores e profesores en relación con públicos potenciais

Imparte: Mehdi Idir / Olga Mesa

Taller organizado en colaboración con Laboral Escena, de Xixón, co Centro Dramático Galego e coa Sala Nasa.

Para desenvolver as actividades de mediación cultural e perfeccionar o acompañamento dos públicos, o Parque de La Villette creou en 2002 un “taller do espectador”. Dende a súa creación, acolle regularmente persoas en contacto con públicos (profesores, formadores de grupos sociais, profesionais de estruturas culturais...) desexosas de prolongar e comprender o pracer provocado por un espectáculo co fin, posibelmente, de transmitírllelo mellor aos seus propios públicos.

Destinado especificamente ás persoas en relación con públicos, este “taller do espectador” propón espertar a ollada, a capacidade de análise crítica e de comentario a partir dun espectáculo, neste caso a cargo de Olga Mesa.

Olga Mesa comezou a súa carreira como intérprete e coreógrafa co grupo Bocanada, até que marchou a Nova York en 1984, onde produciu as súas primeiras coreografías breves.

Mesa está especialmente interesada no vídeo e as artes visuais, enfocados a unha preocupación pola mirada e a observación. Entre as súas últimas producións están *Daisy Planet* (2000), *Más público, más privado* (2001) e *Suite au dernier mot* (au fond tout est surface) (2003). Foi artista residente en Pôle Sud.



Bitácora é unha serie dirixida a profesionais e coeditada entre o Centro Coreográfico Galego e o Centro Galego de Arte Contemporánea.

O CCG, dentro dos seus obxectivos de apoio á creación artística e á formación para profesionais, pon en marcha unha liña editorial en que se recollerán os bosqueños, as notas e a evolución do camiño que vai dende a xestación até a presentación das pezas coreográficas producidas. A colección Bitácora ten, polo tanto, vocación de poñer á vista os procesos creativos.

No mes de xaneiro de 2008, o CCG presentará o primeiro exemplar da colección, no que se abordará *Vacua*, de Maruxa Salas, con Ovidio Aldegunde como fotógrafo convidado.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais